

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*RESOLUCIÓN do 27 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de centros especiais de emprego relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2011.*

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2011, que subscribiu a comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de centros especiais de emprego na reunión que tivo lugar o 15 de decembro de 2011, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, a Dirección Xeral de Relacións Laborais

#### ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2012.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais

#### ANEXO I

En Santiago de Compostela, ás 11.00 horas do día 15 de decembro de 2011, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24-baixo, reúnese a comisión paritaria do convenio autonómico de centros especiais de emprego coa asistencia das persoas a seguir sinaladas:

Representación empresarial:

Ignacio Rodríguez Sáez (CEGASAL).

Gonzalo A. Fariña Pérez (CEGASAL).

Representación sindical:

María Luisa Rodríguez Vázquez (UGT-Galicia).

Adela Poisa Baños (SN de CC.OO. de Galicia).

O motivo da presente xuntanza é a análise das táboas salariais relativas ao ano 2011 do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego.

Logo das oportunas deliberacións, debate e discusión do obxecto da presente xuntanza, as partes acordan as táboas salariais do ano 2011, que son o resultado de aplicar o artigo 22 do convenio, e que son as seguintes:

Centros especiais de emprego de Galicia:

#### ANEXO II

##### Táboas salariais (C.E.E. sen ánimo de lucro)

Categorías	Nivel	Nomes	2011	
			Sal. mensual	Sal. anual
1	N1	Técnico superior nivel 1	1.173,33	16.426,62
	N2	Técnico superior nivel 2	1.108,12	15.513,68
2	N1	Técnico medio nivel 1	1.042,81	14.599,34
	N2	Técnico medio nivel 2	977,81	13.689,34
3		Mando intermedio	880,00	12.320,00
4		Técnico axudante	847,29	11.862,06
5	N1	Administrativo nivel 1	827,84	11.589,76
	N2	Administrativo nivel 2	690,61	9.668,54
6	N1	Técnico non cual. nivel 1	688,38	9.637,32
	N2	Técnico non cual. nivel 2	677,35	9.482,90
7		Operario	665,60	9.318,40

#### ANEXO III

##### Táboas salariais (C.E.E. con ánimo de lucro)

Categorías	Nivel	Nomes	2011	
			Sal. mensual	Sal. anual
1	N1	Técnico superior nivel 1	1.707,52	23.905,28
	N2	Técnico superior nivel 2	1.336,97	18.717,58
2	N1	Técnico medio nivel 1	1.257,48	17.604,72
	N2	Técnico medio nivel 2	1.179,72	16.516,08

Categorías	Nivel	Nomes	2011	
			Sal. mensual	Sal. anual
3		Mando intermedio	1.166,89	16.336,46
4		Técnico axudante	1.093,80	15.313,20
5	N1	Administrativo nivel 1	998,80	13.983,20
	N2	Administrativo nivel 2	805,49	11.276,86
6	N1	Técnico non cual. nivel 1	801,56	11.221,84
	N2	Técnico non cual. nivel 2	787,29	11.022,06
7		Operario	779,90	10.918,60

As representacións presentes nesta comisión paritaria delegan no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a realización dos trámites necesarios para proceder ao rexistro, depósito e publicación das anteditas táboas ante a autoridade laboral competente.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión ás doce horas no lugar e na data arriba sinalados, que asinan por duplicado exemplar todos os asistentes.